

# INFORMACIÓN PARA A INSCRICIÓN NAS PROBAS DE ACCESO 2021/22

Prazo para entregar a solicitude

19/05/2021 – 17/06/2021

Onde podo cubrir a solicitude?

- En [www.edu.xunta.es/eas](http://www.edu.xunta.es/eas) con certificado dixital ou Chave365.
- Descargando o impreso en [https://i.gal/Solicitud\\_acceso\\_21\\_22](https://i.gal/Solicitud_acceso_21_22).

Onde teño que entregar a solicitude e a documentación requirida?

- Na oficina administrativa do Conservatorio Superior de Música da Coruña (horario de atención ao público: 10.00 – 13.00 h, de luns a venres)
- No caso de non poder presentala no centro de xeito presencial, poderá facerse por rexistro público ou por correo postal a través dunha oficina de Correos. Neste caso, cómpre enviar por correo electrónico a [administracion@csmcoruna.com](mailto:administracion@csmcoruna.com) o xustificante do rexistro, así como todos os documentos escaneados ou fotografados, dentro do prazo de inscrición.

Documentación requirida, segundo proceder (orixinal + copia ou copia compulsada)

- DNI, NIE ou pasaporte
- Documentación académica segundo proceda:
  - Título de bacharelato ou titulación equivalente.
  - Certificación académica do bacharelato con indicación de materias pendentes.
  - Certificación de ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos
  - Título universitario que cumpra as condicións establecidas no punto 4 da primeira instrución da resolución pola que se convocan as probas de acceso ([https://i.gal/Convocatoria\\_Acceso\\_21\\_22](https://i.gal/Convocatoria_Acceso_21_22)).
  - Certificado de superación da proba substitutiva do requisito de titulación de bacharelato correspondente a convocatorias anteriores.

- Título profesional de música ou certificación académica en que figure ter realizado o depósito do correspondente título, ou o libro de cualificación das ensinanzas profesionais, se é o caso, con indicación da nota media do expediente.
- Pendente de realizar a proba que substitúe o requisito de titulación. Esta circunstancia farase constar na solicitude, a súa admisión quedará condicionada á superación do requisito correspondente.
- Documento acreditativo do grao de discapacidade e solicitude de adaptación dos medios e condicións de realización da proba de acceso que corresponda, de ser o caso.
- Documento acreditativo da condición de deportista galego de alto nivel e/ou rendemento, de ser o caso.
- Xustificante do aboamento dos prezos públicos (empregar un dos modelos seguintes: **E, A I, 730** ou **731**)

- Códigos

Consellería: 07 - Cultura, Educación e Universidade  
Delegación: 10 – A Coruña  
Servizo: 03 - Ensino Medio  
Taxa: 350700 Conservatorios de Música e Danza  
Obxecto de pago: PROBA DE ACCESO 2021-22

- Modelo **E**
  - Facílitate na conserxería do centro (tamén nos conservatorios profesionais de música ou centros de ensinanzas artísticas superiores)
- Modelos **A I** (descargable en <https://ovt.atriga.gal>)
  - O documento consta de 3 follas (entidade financeira, interesado, Administración). A persoa interesada deberá imprimir e completar a man estas tres copias, acudir á entidade financeira colaboradora para realizar o pago e **presentar o exemplar Administración xunto coa solicitude**.
- Modelos **730** e **731**, dispoñibles en <https://ovt.atriga.gal> para o pagamento con tarxeta bancaria [Cidadáns → Pago de taxas e prezos (Iniciar taxa) → Iniciar tramitación electrónica (Iniciar taxa)]

- Se o proceso se completa correctamente obterase un xustificante de pago con dous exemplares (Interesado e Administración). **Debe presentar o exemplar *Administración xunto coa solicitude*.**
- Prezos publicos da proba de acceso a ingresar (Decreto 89/2013, do 13 de xuño; DOG núm. 114 do 17/06/2013):
  - 64,00 €
  - 32,00 € - Familia numerosa xeral
  - Exención de pagamento (todas as circunstancias que dean dereito a bonificación/exención de pago teñen que acreditarse coa correspondente certificación acreditativa)
    - Familia numerosa de categoría especial
    - Funcionariado dos corpos docentes establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
    - Grao de discapacidade igual o superior ao 33%.
    - Vítimas de actos terroristas, así como as/os súas/seus cónxuxes e fillas/os
    - Vítimas de violencia de xénero e mais o alumnado cuxas proxenitoras a sufran